

No vindeiro ano

Os "III Encontros de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns", celebraránse en Galicia

Os escritores de Galicia, Euskadi e Cataluña celebrarán sus III Encontros nunha localidade galega, según se acordou ao remate dos II Encontros de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns celebrados no Pazo de Meiramar en Donostia.

Os escritores galegos que asistiron a estes encontros foron: María do Carmen Kruckenberg, Fernán Bello, Xavier Seoane, Agulla, Uxío Novoneyra, María Xosé Queizán, Xosé María Álvarez Cákamo, Tucho Calvo, Lois Rei, Eliseo Alonso, Manolo Riveiro, Francisco Martín e Roberto Vidal Bolaña. A finalidade destes encontros fica na continuidade e necesidade de diálogo e de acción das tres nacionalidades que existía xa denantes da Guerra Civil.

A problemática e común ós escritores galegos, bascos e cataláns, en canto as relacións cos



Os profesionais participantes nos "II Encontros de Escritores Galegos, Bascos e Cataláns" nunha reunión co lendakari e o conselleiro de Cultura do Goberno basco.

Poderes Públicos en canto a Lei de Propiedade Intelectual a Política de Traducións e as agresións que sofren a cotío das respectivas culturas. Sobre estes temas versaron as distintas ponencias: "Lei de Propiedade Intelectual", a cárrego de X. Agulla por Galicia, Guilleme Jordi Graells por Cataluña e Yon Kortazar por Euskadi. A ponencia "Relacions dos escritores coas institucións" foi presentada por Lois Rei por Galicia, Josep M.^a Llompart por Cataluña e Xosé Vélez de Mendizábal por Euskadi. Tamén se leron comunicacións do derradeiro día dos

Encontros, que no caso galego foron lidas por M.^a Xosé M.^a Álvarez Cákamo.

Nos encontros estiveron representadas, a nivel cinematográfico as tres comunidades coas películas: "Mamasunción" de Chano Piñeiro, "La casa del Pare" de Ferrán Llagostera e "Hamaseigarreñean aidanez" de Anxo Letxundi.

Os asistentes nestes Encontros foron recibidos polas autoridades bascas entre elas polo propio lendakari, Xosé María Ardanza, conselleiro de Cultura do Goberno autónomo basco e o alcalde de Donostia.